

**IES VIRXE DO MAR. DEPARTAMENTO
DE LATÍN.**

PROGRAMACIÓN CURSO 2016 / 2017

ÍNDICE DE CONTIDOS

I) LATÍN 4º E.S.O.	3
4.1.- Obxectivos.	3
4.1.1. Contribución ao logro das competencias básicas.	5
4.2.- Contidos. Secuenciación.	6
4.3.- Criterios de avaliación.	9
4.3.1.- Mínimos esixíbeis.	10
4.3.2.- Criterios de cualificación.	11
4.3.3.- Criterios de promoción.	11
4.4.- Metodoloxía didáctica.	12
4.5.- Procedementos de avaliación.	12
4.5.1. Ordinaria.	12
4.5.2. Extraordinaria: para o alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua.	13
4.5.3. Sistemas de cualificación.	13
4.5.4. Programa de recuperación.	14
4.5.4.1. Da propia materia durante o curso.	14
4.5.4.2. Das materias pendentes doutros cursos.	14
4.6.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.	14
4.7.- Temas transversais.	14
4.8.- Actividades complementarias e extraescolares.	15
4.9.- Medidas de atención á diversidade. Adaptacións curriculares.	15
4.10.- Fomento da lectura.	15
4.11.- Fomento das TIC.	15
II) LINGUA LATINA I (1º Bacharelato)	16
5.1.- Obxectivos.	16
5.2.- Contidos. Secuenciación.	18
5.3.- Criterios de avaliación.	21
5.3.1.- Mínimos esixíbeis.	22
5.3.2.- Criterios de cualificación.	24
5.3.3.- Criterios de promoción.	24
5.4.- Metodoloxía didáctica.	25
5.5.- Procedementos de avaliación.	25
5.5.1. Ordinaria.	25
5.5.2. Extraordinaria: para o alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua.	26
5.5.3. Sistemas de cualificación.	26
5.5.4. Programa de recuperación.	27
5.5.4.1. Da propia materia durante o curso.	27
5.6.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.	27
5.7.- Temas transversais.	27
5.8.- Actividades complementarias e extraescolares.	27
5.9.- Medidas de atención á diversidade. Adaptacións curriculares.	27

III) LINGUA LATINA II (2º Bacharelato)	28
6.1.- Obxectivos.	28
6.2.- Contidos. Secuenciación.	30
6.3.- Criterios de avaliación.	35
6.3.1.- Mínimos esixíbeis.	37
6.3.2.- Criterios de cualificación.	39
6.3.3.- Criterios de promoción.	39
6.4.- Metodoloxía didáctica.	40
6.5.- Procedementos de avaliación.	40
6.5.1. Instrumentos de avaliación do alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua.	40
6.5.2. Alumnado con materias pendentes.	40
6.6.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.	41
6.7.- Temas transversais.	41
6.8.- Actividades complementarias e extraescolares.	41
6.9.- Medidas de atención á diversidade. Adaptacións curriculares.	41

LATÍN 4º E.S.O.

4.1.- Obxectivos.

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexa e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota ao alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexa unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos

da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en catro bloques. Os tres primeiros (sistema da lingua latina, historia e evolución da lingua latina e formación das palabras), poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan unha relación coherente entre eles, contribuindo, non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da propia lingua e ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. O bloque 4 (vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico), trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio.

A distribución dos contidos nestes catro bloques implica un tratamento específico e equilibrado del e obriga a situalos nun contexto xeral en que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente. A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o latín, na medida que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

Estes obxectivos xerais pódense concretar nos seguintes puntos específicos:

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
10. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

4.1.1.- Contribución da materia ao logro das competencias básicas.

O estudo desta materia contribúe dun xeito claro ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística: o coñecemento da estrutura da lingua latina posibilita unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina. A interpretación dos elementos morfosintácticos e de vocabulario e a práctica da tradución e da retroversión supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente. O coñecemento dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente á ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. O coñecemento das etimoloxías grecolatinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos.

O coñecemento da historia e evolución da lingua latina fomenta o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas; igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas.

Co coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa esta materia potencia o aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Coa achega de referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. O coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorece a interpretación da literatura posterior, en que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura, contribuíndo, pois, ao logro da competencia en expresión cultural e artística.

Desde o coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos que é o referente histórico de organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividades, no ámbito e o contorno dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina, sitúase a contribución para lograr a competencia social e cidadá. O coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Foméntase así no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital, á cal se contribuirá desde todas as materias do currículo. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

O estudo do latín, propiciando a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorecendo as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a memoria mediante a recuperación de

datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, favorece a competencia de aprender a aprender.

Facilita o logro da competencia de autonomía e iniciativa persoal o recurso continuado a procedementos que exixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

4.2.- Contidos. Secuenciación.

Os contidos do currículo oficial da materia distribúense en catro bloques:

Bloque 1. *O sistema da lingua latina.*

- Abecedario e a pronunciación clásica e posclásica do latín. A regra da penúltima sílaba. Diferenza entre vocais breves e longas.
- Lectura e interpretación de textos en latín de dificultade progresiva creados nunha variedade de contextos e situacións en que as palabras e as estruturas teñan sentido, de tal xeito que todo se deduza, sen ambigüidade, do contexto en que aparezan.
- O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos. Recoñecemento das diferenzas e similitudes básicas entre a estrutura da lingua latina e a das linguas romances utilizadas polo alumno.
- Clases de palabras. A flexión nominal, pronominal e verbal. Recoñecemento das categorías gramaticais da flexión latina e comparación cos elementos flexivos das linguas actuais.
- As estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde flexible de palabras. Nexos coordinantes máis frecuentes.
- Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e continuidade do mundo clásico e instrumento privilexiado para unha comprensión profunda do sistema das linguas romances.

Bloque 2. *A historia e evolución da lingua latina.*

- A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.
- Latín culto e latín vulgar: lingua de cultura e lingua de comunicación. O proceso de redución morfolóxica e sintáctica no latín vulgar. A formación das linguas romances. Análise dos procesos de evolución das linguas romances.
- A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos. Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.
- A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.

Bloque 3. *A formación das palabras.*

- Componentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolati nos usados na propia lingua: préstamos, derivación, composición e analoxía como mecanismos de enriquecemento do vocabulario.
- Definición de palabras a partir dos seus étimos.
- O vocabulario da ciencia e da técnica. Os étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.

- Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.
- O significado etimolóxico das palabras como guía para a adecuada utilización do vocabulario.

Bloque 4. *Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico.*

- O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto da Hispania. As vías romanas de Hispania e as grandes vías modernas: medio de difusión dunha civilización uniforme, de unidade política e económica e de relación humana. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.
- As institucións e a vida cotiá. Ocio e negocio. Relación entre o relixioso e o festivo. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.
- As pegadas materiais da romanización: o foro e a arquitectura do ocio en relación coa concepción do urbanismo posterior, a importancia do arco e a bóveda na arquitectura posterior. Valoración da conxunción da magnificencia e o xenio práctico. Emprego dos medios audiovisuais e das TIC para coñecer o patrimonio artístico e arqueolóxico. Observación directa.
- Os temas e argumentos mitolóxicos na literatura e nas artes plásticas e visuais. Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións culturais de todo tipo e interpretación do seu significado.
- O papel de Roma na historia de Occidente, o patrimonio arqueolóxico, artístico e literario. Coñecemento especial do herdado en Galicia.
- Valoración da importancia da lectura de textos da literatura latina de diversidade temática.

Secuenciación.

Á hora de seleccionar os contidos do currículo oficial, é decisiva a circunstancia de que, por decisión da CCP do Centro, tódolos alumnos de Latín de 4 ESO deben cursar obrigatoriamente tamén Cultura Clásica coma optativa. Isto permite centrar a programación de contidos nos tres primeiros bloques, de enfoque estritamente lingüístico, e deixar os contidos culturais do cuarto bloque para a materia de Cultura Clásica.

Tendo en conta este factor decisivo, os contidos lingüísticos téñense estruturado e secuenciado segundo conforme ao seguinte listado detallado do temario que constituirá a base do curso. Obviamente, a distribución temporal apuntada é orientativa e estará parcialmente condicionada pola capacidade do alumnado para segui-lo ritmo do curso. Do mesmo modo, a idiosincrasia do alumnado poderá ser tida en consideración á hora de acurtar ou alargar o tratamento dun determinado tema ou de descartar o tratamento de algún deles.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- 1.- O sistema de casos latino. Concepto de declinación. As cinco declinacións latinas. Casos e funcións sintácticas. Concordancia de suxeito e predicado. As desinencias persoais do verbo.
- 2.- A primeira declinación do substantivo latino. Modelos. Prácticas de declinación e tradución.
- 3.- A segunda declinación do substantivo latino. Modelos (-er, -us e neutros). Prácticas de declinación e tradución.

4.- O adxectivo latino. Concordancia de substantivo e adxectivo. Adxectivos latinos tipo 2^a-1^a-2^a. Prácticas de declinación e traducción. Declinación de concordancias.

5.- O verbo copulativo *sum* e os seus compostos. Prácticas de conxugación e traducción.

6.- A terceira declinación do substantivo latino. Modelos (parisílabos, imparisílabos, temas en -i; neutros). Prácticas de declinación e traducción.

7.- Adxectivos latinos da terceira declinación. Modelos de tres, dous e unha terminacións. Prácticas de declinación e traducción. Declinación de concordancias.

SEGUNDO TRIMESTRE.

8.- A cuarta declinación do substantivo latino. Modelos masculino e neutro. Prácticas de declinación e traducción.

9.- A quinta declinación do substantivo latino. Modelos masculino e neutro. Prácticas de declinación e traducción.

10.- Os graos do adxectivo latino: comparativo e superlativo. Morfoloxía e sintaxe do comparativo e superlativo latinos. Prácticas de formación, declinación e traducción. Declinación de concordancias.

11.- Os pronombres persoais latinos. Prácticas de declinación e traducción.

12.- Os pronombres demostrativos latinos. Prácticas de declinación e traducción. Declinación de concordancias.

TERCEIRO TRIMESTRE.

13.- A conxugación latina: xeneralidades. Enunciado do verbo latino. As cinco conxugacións.

14.- A conxugación latina en voz activa: tema de presente das cinco conxugacións. Prácticas de conxugación e traducción.

15.- A conxugación latina en voz activa: o tema de perfecto. Prácticas de conxugación e traducción.

16.- O relativo *qui quae quod*. Sintaxe da oración de relativo. Prácticas de declinación e traducción.

17.- A conxugación latina en voz pasiva: tema de presente das cinco conxugacións. Prácticas de conxugación, traducción e conversión.

18.- A conxugación latina en voz pasiva: o tema de perfecto. Prácticas de conxugación, traducción e conversión.

19.- Sintaxe da oración pasiva en latín. Conversión activa-pasiva e viceversa.

4.3.- Criterios de avaliación.

O DCB oficial da asignatura fixa os seguintes criterios xerais de avaliación:

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais. Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.
2. Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización. Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.
3. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.
4. Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico. Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.
5. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas. Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.
6. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua. Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analogías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.
7. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina. Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.
8. Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático co sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma. Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.

4.3.1.- Mínimos esixíbeis.

Dado que o eixo fundamental da asignatura ven constituído polo temario gramatical e lingüístico, e que o carácter progresivo deste tipo de contidos fai imposible, como é lóxico en calquera lingua, fixar contidos mínimos compartimentalizados para cada tema, fíxase, como nivel mínimo para supera-la asignatura, a condición de que o alumno debe demostrar a final de curso unha competencia de alomenos un 60 % sobre o conxunto completo do temario gramatical lingüístico detallado nesta programación. Na práctica, esto supón que o alumno debe dominar suficientemente o temario correspondente aos dous primeiros trimestres. Os temas do terceiro trimestre son, pois, excluídos dos contidos mínimos indispensabeis para superar a materia.

Ademais do mencionado criterio global, de índole cuantitativa, o alumno deberá dominar suficientemente certos aspectos da materia que son considerados contidos mínimos a nivel cualitativo. O dominio de tales aspectos, que serán enumerados a continuación, será considerado conditio sine qua non para que o alumno supere a materia:

- * Dominio das declinacións do sustantivo e adxetivo latinos.

- * Dominio da sintaxe básica da oración simple en castelán, galego e latín (asignación de funcións sintácticas e concordancia suxeito-verbo).

- * Dominio das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

Polo que ás probas escritas se refire, a competencia do alumnado sobre estes tres contidos mínimos da materia avaliarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- * Correcta declinación conxunta de concordancias sustantivo-adxetivo.

- * Identificación correcta das concordancias sustantivo-adxetivo presentes nos exercicios de traducción que formen parte das probas escritas nas que se fundamenta a cualificación da materia, según se expón a continuación.

- * Correcta análise morfolóxica dos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de traducción incluídos nas probas escritas (correcta identificación da declinación en función do enunciado da palabra, e correcta identificación do caso no que esta aparece en función do paradigma da declinación á que pertence).

- * Correcta asignación de funcións sintácticas aos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de traducción incluídos nas probas escritas, elaborada en función das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

- * Correcta identificación da concordancia, en persoa e número, entre suxeito e verbo, pilar da estrutura da oración simple.

- * Elaboración dunha traducción ao galego ou castelán acorde cos datos da análise morfosintáctica previa das frases latinas propostas. Neste senso, cómpre deixar claro que as lagoas na análise e as diverxencias entre análise e traducción serán penalizadas, pois son indubablemente indicio de que os

acertos nesta última son produto do mero azar ou da trampa (a un alumno pódennlle soplar facilmente a traducción dunha frase determinada, mais é cuase imposíbel que lle soplen a análise da mesma).

4.3.2.- Criterios de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, por regra xeral, dúas probas obxectivas escritas sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de traducción vistos até entón na aula. Todas estas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiránse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de traducción, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e traducción de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de traducción das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados no DCB, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a análise sintáctica e a traducción terán máis valor que á morfoloxía nas probas que se fagan durante o curso, nunha proporción de 70% (7 sobre 10 puntos) fronte ao 30% (3 sobre 10 puntos). En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

A corrección de tódalas probas fará especial fincapé na avaliación de contidos mínimos da materia, nos termos detallados no apartado anterior.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non acaden o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de Setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 7 p. corresponderán a unha práctica de análise e traducción, e outros 3 p. a cuestións morfolóxicas. Os contidos culturais serán, pois, excluídos desta proba extraordinaria de Setembro, que se cingue exclusivamente a contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

4.3.3.- Criterios de promoción.

De acordo coa LOE, obterá o título de Graduado en ESO o alumno que teña aprobadas tódalas materias de ESO. No caso de que ter pendentos un máximo de dúas materias, a xunta de avaliación terá en consideración a actitude e o grao de madurez persoal e académica para decidir en votación, por maioría simple, a conveniencia de que o alumno e cuestión titule ou non. En casos excepcionais (repetidores, alumnos con especiais dificultades de aprendizaxe ou graves problemas de saúde ou

familiares), a xunta de avaliación poderá incluso considerar a posibilidade de decidir por votación a titulación de alumnos con tres materias suspensas.

4.4.- Metodoloxía didáctica.

O fio conductor do curso estará marcado por unha sucesión de exposicións teóricas do temario morfolóxico-sintáctico anteriormente detallado. Cada unha delas virá completada, de acordo co enfoque xeral da asignatura, con abundantes exercicios prácticos de análise morfosintáctica e tradución. Os contidos pertencentes ó terreo da fonética, léxico e etimoloxía –secundarios e instrumentais, a fin de contas, para a tarefa de tradución- non serán obxecto de exposicións monográficas, senón de comentarios cotidianos ó fio dos textos traducidos en clase. Outros moitos aspectos secundarios serán comentados ó fio dos textos, segundo o tradicional procedemento do comentario de *realia*.

4.5.- Procedementos de avaliación.

4.5.1.- Ordinaria.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, cando menos, unha proba obxectiva escrita sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de tradución vistos até entón na aula. Tódalas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiránse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de tradución, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e tradución de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de tradución das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados no DCB, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a análise sintáctica e a tradución terán máis valor que á morfoloxía nas probas que se fagan durante o curso, nunha proporción de 70% (7 sobre 10 puntos) fronte ao 30% (3 sobre 10 puntos). En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfilar-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado.

En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global, que –como é lógico nun proceso de avaliación continua nunha materia lingüística de contidos progresivos– virá marcada pola media obtida polo alumno nas probas do último trimestre, que abranguen os contidos lingüísticos do curso enteiro.

4.5.2.- Extraordinaria, e para o alumnado que perde o dereito á avaliación continua.

Aqueles alumnos que en xuño non acaden o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura na avaliación ordinaria (probos trimestrais e repesca de xuño, conforme ao programa de recuperación exposto no punto seguinte), serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística e aos contidos mínimos anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e tradución, e outros 4 p. a cuestións de teoría morfolóxica. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'5 puntos nela para supera-la materia. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua será, pola súa parte, convocado a unha proba única no mes de xuño que abranguerá a totalidade da materia do temario explicado durante o curso. A proba terá unha estrutura similar á das probas trimestrais, con un abanico de cuestións teóricas que terá un valor de catro puntos, e un exercicio práctico de tradución con valor de seis puntos. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'5 puntos nela para supera-la materia. En caso contrario, será remitido á proba extraordinaria de contidos mínimos de setembro.

4.5.3.- Sistemas de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, cando menos, unha proba obxectiva escrita sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de tradución vistos até entón na aula. Todas estas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiranse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de tradución, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e tradución de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de tradución das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados no DCB, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a importancia da análise sintáctica e a tradución fronte á morfoloxía neste tipo de probas irá aumentando a medida que o curso avance. Nesta liña, os exercicios de tradución terán un valor aproximado de 5 puntos sobre 10 no primeiro trimestre, 6 sobre 10 no segundo e 7 sobre 10 no terceiro. En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica

de análise e traducción, e outros 4 p. a cuestións morfolóxicas. Os contidos culturais serán, pois, excluídos desta proba extraordinaria de Setembro, que se cingue exclusivamente a contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

4.5.4.- Programa de recuperación.

4.5.4.1.- Da propia materia durante o curso.

Polas razóns xa expostas derivadas do carácter progresivo dos contidos gramaticais, que implica un repaso constante e cotiá na aula dos contidos lingüísticos teóricos e prácticos correspondentes a trimestres anteriores, calquera alumno que obteña unha media de cinco puntos nas probas obxectivas do segundo trimestre - que marcan os contidos mínimos da materia - recuperará automaticamente o primeiro trimestre e terá garantizada unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación ordinaria, cuanlificación que poderá aumentar en función dos resultados obtidos nas probas do terceiro trimestre, nas que o alumnado que ten superados os contidos mínimos acude a subir nota.

No caso de que un alumno non supere o segundo trimestre, será convocado ao longo do terceiro trimestre a dúas probas de contidos mínimos baseados nos niveis mínimos de competencia lingüística fixados na programación. A cualificación definitiva dos alumnos que teñan o segundo trimestre pendente será calculada facendo unha media entre as dúas probas de contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

4.5.4.2.- De materias pendentes doutros cursos.

4º ESO é o primeiro curso no que se imparte Latín, polo que non pode haber alumnos con esta materia pendente.

4.6.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.

Gramática Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

Vox Latina -método de exercicios. Valentí Fiol. Editorial Bosch.

4.7.- Temas transversais.

Obviamente, o tratamento dos contidos do programa implica constantes referencias transversais, especialmente con lingua galega e castelá, lingua inglesa e francesa e ciencias sociais. Con todo, non se ten trazado un plan de desenvolvemento sistemático de temas transversais, senon que éstos irán sendo tratados a modo de digresión a medida que vaian xurdindo ao fío do desenvolvemento do programa.

4.8.- Actividades complementarias e extraescolares.

A data de hoxe, o Departamento non ten previsto realizar actividades complementarias ou extraescolares.

4.9.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.

A data de hoxe, non hai propostas de deseño de medidas de atención á diversidade para ningún alumno da materia.

4.10.- Tratamento do fomento da lectura.

O enfoque da asignatura de Latín no Centro limítase a aspectos lingüísticos, non literarios.

4.11.- Tratamento e fomento das TIC.

Aínda que se recurrirá ocasionalmente a recursos *online* para facer prácticas de certos contidos do temario, o tratamento e fomento das TIC é moito máis sistemático, coma quedou dito, na asignatura de Cultura Clásica, que curson tamén tódolos alumnos de Latín.

LINGUA LATINA I (1º Bacharelato)

5.1.- Obxectivos.

A materia de Latín no bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Os contidos propostos para Latín en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en varios bloques:

Estudo progresivo das características da lingua latina:

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Comprensión e interpretación de textos latinos:

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos latinos ha contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas:

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que

brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romanas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano.

Estes obxectivos xerais pódense resumir nos seguintes obxectivos concretos.

1. Iniciar na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e apreciarlos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

No marco destes obxectivos xerais, lóxicamente, este curso de iniciación á lingua latina correspondente ó primeiro curso do Bacharelato está concibido como preparatorio da Lingua Latina II que poderán cursar os alumnos que así o decidan. Nestas circunstancias, preténdese que os alumnos adquiren unha base suficiente para afrontar con garantías o programa que a CIUG marca para segundo curso. Neste sentido, débese precisar que as orientacións da CIUG para Latín II aconsellan un enfoque da asignatura que se corresponda co exame tipo das PAAU. Este Departamento optou, por tanto, por orientar a preparación do alumnado cara ao exame tipo das PAAU, que concede preponderancia á tradución (6 p.) sobre os aspectos gramaticais (1 p.) e culturais (3 p.). En consecuencia, a labor e competencia en tradución de textos latinos ao castelán e/ou galego cobrarán posición preeminente na programación e avaliación da asignatura xa dende primeiro curso, nos termos que serán detallados máis adiante.

Este obxectivo xeral pódese desglosar nos seguintes obxectivos parciais de acordo coas distintas vertentes, lingüísticas e culturais, que conforman a esencia da materia.

- 1) Fonética: Coñecemento xeral do sistema fonético, pronunciación e acento latinos, así como dos mecanismos fonéticos máis productivos no paso do latín ás linguas romances, con especial fincapé no caso do castelán e o galego-portugués.
- 2) Morfoloxía: Coñecemento fondo da flexión nominal e verbal latinas.
- 3) Sintaxe: Dominio da sintaxe da oración simple activa e pasiva en latín e, en consecuencia, da sintaxe de casos. Adquisición de rudimentos de sintaxe da oración composta, con especial fincapé nas conxunxións de subordinación UT e CUM.
- 4) Léxico e etimoloxía: Adquisición dun vocabulario básico de máis ou menos 500 termos latinos de uso frecuente. Neste terreo cobran especial importancia as prácticas de etimoloxía dos correspondentes termos romances.
- 5) Sociedade e cultura: Introdución ós aspectos máis elementais da cultura e sociedade romanas (historia, sistemas políticos, relixión, manifestacións literarias...), indispensaveis para comprender adecuadamente no seu contexto a realidade subxacente á lingua.

Estes obxectivos parciais concíbense subordinados, como quedó dito, á **adquisición dunha técnica e competencia de traducción** acorde cos contidos lingüísticos e culturais que conforman o programa teórico da asignatura.

5.2.- Contidos. Secuenciación.

O DCB oficial da asignatura establece os seguintes contidos para primeiro curso de Bacharelato:

Contidos xerais:

- A lectura, comprensión e tradución de textos latinos: a precisión na expresión en calquera lingua; a expresión dos matices.
- As relacións políticas e sociais en Roma: orixinalidade con respecto a outras culturas anteriores ou contemporáneas; evolución posterior e influencia na sociedade occidental. Farase fincapé nas estruturas políticas, na situación da muller e da infancia e na escravitude.
- Imbricación cultural entre a antiga Roma e o mundo contemporáneo.

A lingua latina.

- Do indoeuropeo ás linguas romances.
- A escritura en Roma. Abecedario, pronunciación e acentuación.
- Flexión nominal, pronominal e verbal. Formas non flexivas.
- Sintaxe dos casos. Uso das preposicións máis frecuentes.
- A estrutura da oración. A concordancia. Orde de palabras. Oracións simples e compostas. Coordinación. Inicio do estudo da subordinación.

Os textos latinos e a súa interpretación.

- Iniciación á lectura comprensiva e ás técnicas de tradución e comentario de textos latinos.
- Análise morfosintáctica.
- Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico,

social e cultural.

O léxico latino e a súa evolución.

- Aprendizaxe do vocabulario básico latino en función da súa frecuencia de uso e da súa relevancia en galego e castelán.
- Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ás linguas romances. Palabras patrimoniais e cultismos.
- Expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.

Roma e o seu legado.

- Sinopse histórica do mundo romano dos séculos VIII a. C. ao V d. C.
- Organización política e social de Roma. Maxistraturas e clases sociais. O dereito romano e a súa pervivencia. A relixión. O exército.
- Aspectos máis relevantes da cultura e da vida cotiá en Roma. O urbanismo e a vivenda, a educación, a familia, os espectáculos.
- A romanización de Hispania e as súas pegadas.

Secuenciación.

De acordo coas directrices fixadas anteriormente, a continuación ofrécese un listado detallado do temario gramatical e cultural que constituirá a base do curso. Obviamente, a previsión temporal de desenvolvemento do mesmo é orientativa e estará parcialmente condicionada, amén de imprevistos, pola capacidade do alumnado para segui-lo ritmo de traballo marcado. Nestas circunstancias, e dado que Latín I e II constitúen por esencia un *continuum*, o tratamento dos últimos temas do temario gramatical previsto para o terceiro trimestre, así coma de parte do temario cultural, podería ser aprazado ata comezos do próximo curso.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- 1.- O latín e as linguas indoeuropeas: Concepto de indoeuropeo. Familias lingüísticas indoeuropeas. O latín e as linguas romances.
- 2.- O sistema de casos latino. Concepto de declinación. As cinco declinacións latinas. Casos e funcións sintácticas. Concordancia de suxeito e predicado. As desinencias persoais do verbo.
- 3.- A primeira declinación do substantivo latino. Modelos. Prácticas de declinación e tradución.
- 4.- A segunda declinación do substantivo latino. Modelos (-er, -us e neutros). Prácticas de declinación e tradución.
- 5.- O adxectivo latino. Concordancia de substantivo e adxectivo. Adxectivos latinos tipo 2^a-1^a-2^a. Prácticas de declinación e tradución. Declinación de concordancias.
- 6.- O verbo copulativo *sum* e os seus compostos. Prácticas de conxugación e tradución.
- 7.- A terceira declinación do substantivo latino. Modelos (parisílabos, imparisílabos, temas en -i; neutros). Prácticas de declinación e tradución.

8.- Adxectivos latinos da terceira declinación. Modelos de tres, dous e unha terminacións. Prácticas de declinación e traducción. Declinación de concordancias.

9.- A cuarta declinación do substantivo latino. Modelos masculino e neutro. Prácticas de declinación e traducción.

10.- A quinta declinación do substantivo latino. Modelos masculino e neutro. Prácticas de declinación e traducción.

11.- A historiografía romana: Panorama xeral. Tito Livio e a súa *Ab Urbe Condita*.

SEGUNDO TRIMESTRE.

12.- Os graos do adxectivo latino: comparativo e superlativo. Morfoloxía e sintaxe do comparativo e superlativo latinos. Prácticas de formación, declinación e traducción. Declinación de concordancias.

13.- Os pronombres persoais latinos. Prácticas de declinación e traducción.

14.- Os pronombres demostrativos latinos. Prácticas de declinación e traducción. Declinación de concordancias.

15.- Panorámica da Historia de Roma: Lenda da Fundación. Monarquía e República. A Expansión (Guerras Púnicas). A crise da República: guerras civís e triunviratos. O Imperio.

16.- Indefinidos e numerales. Prácticas de declinación e traducción.

17.- O relativo *qui quae quod*. Sintaxe da oración de relativo. Prácticas de declinación e traducción.

18.- A conxugación latina: xeneralidades. Enunciado do verbo latino. As cinco conxugacións.

19.- A conxugación latina en voz activa: tema de presente das cinco conxugacións. Prácticas de conxugación e traducción.

20.- A conxugación latina en voz activa: o tema de perfecto. Prácticas de conxugación e traducción.

21.- Épica romana: Panorámica xeral. Virxilio e A Eneida.

TERCEIRO TRIMESTRE.

22.- A oratoria en Roma: Panorama xeral. Cicerón.

23.- Sintaxe da oración pasiva en latín. Conversión activa-pasiva e viceversa.

24.- A conxugación latina en voz pasiva: tema de presente das cinco conxugacións. Prácticas de conxugación, traducción e conversión.

25.- A conxugación latina en voz pasiva: o tema de perfecto. Prácticas de conxugación, traducción e conversión.

26.- Sintaxe básica da subordinación en latín. Principais conxuncións de subordinación. Valores de CUM e UT. Prácticas de traducción.

27.- A lírica romana: Panorámica xeral. Horacio.

28.- Verbos irregulares: morfoloxía de *véxoo, nolo, malo, fio, fero e eo*. Prácticas de traducción.

29.- Morfoloxía das formas non persoais do verbo. Formación de participios e infinitivos latinos. Prácticas de formación.

30.- Sintaxe do infinitivo e participio. Participio concertado e absoluto. Infinitivo concertado e non concertado. Prácticas de traducción.

5.3.- Criterios de avaliación.

A título xeral, o DCB oficial da materia enumera os seguintes posibles criterios de avaliación:

1. Comprender e ser capaz de traducir textos latinos breves e sinxelos, orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible. Con este criterio preténdese comprobar, a través de exercicios de comprensión e posterior traducción literal dun texto, a competencia lingüística en latín e a capacidade de recoñecer as diversas estruturas dunha lingua flexiva. Os textos serán breves, orixinais ou elaborados e de dificultade mínima. Poderán contribuír á valoración da consecución de obxectivos os exercicios doados de traducción inversa ou de elaboración en latín de pequenas mensaxes orais e escritas.

2. Recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio pretende comprobar se o alumnado adquiriu as nocións de morfoloxía e de sintaxe que lle permitan recoñecer as características dunha lingua flexiva e identificar formas, funcións e elementos fundamentais, todo iso sempre co obxectivo primordial de comprender e traducir o texto latino. O alumnado relacionará eses elementos básicos cos das linguas galega e castelá ou outras coñecidas por el.

3. Ler e comentar textos traducidos de diversos xéneros ou referentes ao mundo romano e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles. Con este criterio preténdese determinar a capacidade de comprender o contido esencial dun texto, delimitar as súas partes e establecer a relación entre elas. O estudante poderá manifestar a súa competencia mediante exercicios de lectura comprensiva de textos con sentido completo, contrastando os textos latinos con textos de literatura actual e valorando a súa vixencia na actualidade.

4. Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, así como deducir regras básicas de derivación e composición. Este criterio trata de constatar se o alumnado ten conciencia de que as linguas faladas na Península evolucionaron desde o latín, agás o eúscaro, que recibiu del importantes achegas léxicas. Deberanse relacionar palabras do galego e do castelán ou doutras linguas romances cos seus correspondentes étimos latinos e identificar os cambios fonéticos, morfolóxicos e semánticos producidos no curso da súa evolución.

5. Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. Con este criterio comprobarase o coñecemento do pasado romano, especialmente centrado na Península Ibérica, e a constatación da súa vixencia no mundo actual. Posibles exercicios son o traballo sobre fontes escritas e iconográficas, sobre pezas conservadas nos fondos museísticos e xacementos arqueolóxicos, ou a procura nos medios de comunicación de referencias ao mundo romano.

6. Planificar e realizar, seguindo as pautas do profesorado, algún traballo de investigación sobre a presenza do mundo romano no contorno, consultando as fontes directas (restos arqueolóxicos, epigrafía, textos antigos) e utilizando as TIC como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio pretende verificar que o alumnado distingue no seu contorno os elementos do mundo clásico, recoñecéndoo como herdanza do noso propio pasado, e que os interpreta correctamente mediante a utilización selectiva de fontes diversas. Tamén trata de avaliar a capacidade de indagar nas fontes directas e tomar contacto cos materiais ordenando os datos obtidos e elaborando o traballo mediante o uso das TIC como ferramentas fundamentais. Neste sentido recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

7. Comentar narracións didácticas, novelas históricas, bandas deseñadas ou películas documentais e de ficción relativas ao mundo romano. Este criterio pretende que o alumnado practique o hábito da lectura comprensiva e a visión crítica de películas documentais e de ficción relacionadas co mundo romano.

Dentro destes, e ante a imposibilidade material de preparar a fondo aos alumnos para afrontar todos eles e a conveniencia de encaminar a preparación do alumnado dende o primeiro momento á eventual realización das PAAU con su peculiar formato, as probas escritas que constituirán o criterio básico de cualificación, estarán centradas nos seguintes criterios:

* Identificar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da frase, apreciando discrepancias e coincidencias coas outras linguas coñecidas.

* Pasar á lingua materna coa maior fidelidade posible textos breves latinos, facilitados ou elaborados, e preferentemente narrativos.

* Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analiza-la súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, e deducir regras básicas de derivación e composición.

* Identifica-los aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñece-las pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

5.3.1.- Mínimos esixíbeis.

De acordo coas orientacións da CIUG, o eixo fundamental da asignatura (70 % nas PAAU) ven constituído polo temario gramatical e lingüístico. O carácter progresivo deste tipo de contidos fai imposible, como é lóxico en calquera lingua, fixar contidos mínimos compartimentalizados para cada tema. Por elo fíxase, como nivel mínimo para supera-la asignatura, a condición de que o alumno debe demostrar a final de curso unha competencia de alomenos un 60 % sobre o conxunto completo do

temario gramatical lingüístico detallado nesta programación (temas 2 a 10; 12-14; 16-20; 23-26 e 28-30). Na práctica, isto quere decir que os alumnos deben dominar suficientemente o temario lingüístico correspondente aos dous primeiros trimestres da programación.

O temario cultural puramente teórico (temas 11, 15, 21, 22 e 27), constitutivo dun 30% da cualificación global da asignatura de acordo coas orientacións da CIUG para as PAAU, queda excluído dos contidos mínimos esixíbeis para supera-la asignatura.

Ademais do mencionado criterio global, de índole cuantitativa, o alumno deberá dominar suficientemente certos aspectos da materia que son considerados contidos mínimos a nivel cualitativo. O dominio de tales aspectos, que serán enumerados a continuación, será considerado conditio sine qua non para que o alumno supere a materia:

- * Dominio das declinacións do sustantivo e adxetivo latinos.

- * Dominio da sintaxe básica da oración simple en castelán, galego e latín (asignación de funcións sintácticas e concordancia suxeito-verbo).

- * Dominio das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

Polo que ás probas escritas se refire, a competencia do alumnado sobre estes tres contidos mínimos da materia avaliarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- * Correcta declinación conxunta de concordancias sustantivo-adxetivo.

- * Identificación correcta das concordancias sustantivo-adxetivo presentes nos exercicios de tradución que formen parte das probas escritas nas que se fundamenta a cualificación da materia, según se expón a continuación.

- * Correcta análise morfolóxica dos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de tradución incluídos nas probas escritas (correcta identificación da declinación en función do enunciado da palabra, e correcta identificación do caso no que esta aparece en función do paradigma da declinación á que pertence).

- * Correcta asignación de funcións sintácticas aos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de tradución incluídos nas probas escritas, elaborada en función das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

- * Correcta identificación da concordancia, en persoa e número, entre suxeito e verbo, pilar da estrutura da oración simple.

- * Elaboración dunha tradución ao galego ou castelán acorde cos datos da análise morfosintáctica previa das frases latinas propostas. Neste senso, cómpre deixar claro que as lagoas na análise e as diverxencias entre análise e tradución serán penalizadas, pois son indubablemente indicio de que os acertos nesta última son produto do mero azar ou da trampa (a un alumno pódennlle soplar facilmente a tradución dunha frase determinada, mais é cuase imposible que lle soplen a análise da mesma).

5.3.2.- Criterios de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, por regra xeral, dúas probas obxectivas escritas, todas elas puntuadas de 0 a 10. Como norma xeral, o 100% de ditas probas estará baseado na teoría morfolóxica e as prácticas de traducción.

As sucesivas probas, centradas en teoría gramatical e traducción, dividiranse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de traducción, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e traducción de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de traducción das probas de avaliación, e de acordo cos criterios de avaliación fixados no DCB, debe quedar claro que os alumnos deben coñecerlo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a importancia da análise sintáctica e a traducción fronte á morfoloxía neste tipo de probas irá aumentando a medida que o curso avance. Nesta liña, os exercicios de traducción terán un valor aproximado de 5 puntos sobre 8 no primeiro e segundo trimestres, e de 6 sobre 8 no terceiro. En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado.

En suma, e de acordo coa comentada posición privilexiada da análise sintáctica e traducción no enfoque xeral da asignatura, e como criterio xeral, os contidos culturais suporán un 20% das cualificacións trimestrais e final. O 80% restante corresponderá aos contidos de gramática e traducción.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e traducción, e outros 4 p. a cuestións morfolóxicas. Os contidos culturais serán, pois, excluídos desta proba extraordinaria de Setembro, que se cingue exclusivamente a contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

5.3.3.- Criterios de promoción.

De acordo co PCC, promocionará a segundo curso de BAC o alumnado que teña aprobado tódalas materias do primeiro curso de BAC a excepción, como máximo, de dúas.

5.4.- Metodoloxía didáctica.

O fio conductor do curso está marcado por unha sucesión de exposicións teóricas do temario morfolóxico-sintáctico anteriormente detallado. Cada unha delas virá completada, de acordo co enfoque xeral da asignatura, con abundantes exercicios prácticos -de análise morfosintáctica e tradución no caso dos contidos lingüísticos, e de comentario de textos no caso dos contidos culturais. Os contidos pertencentes ó terreo da fonética, léxico e etimoloxía –secundarios e instrumentais, a fin de contas, para a tarefa de tradución- non serán obxecto de exposicións monográficas, senón de comentarios cotidianos ó fio dos textos traducidos en clase. En canto ós contidos culturais, prevense un máximo de dúas exposicións monográficas ó trimestre para temas de especial relevancia no DCB. Outros moitos aspectos secundarios serán comentados ó fio dos textos, segundo o tradicional procedemento do comentario de *realia*.

5.5.- Procedementos de avaliación.

5.5.1.- Ordinaria.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, cando menos, unha proba obxectiva escrita sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de tradución vistos até entón na aula. Tódalas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiránse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de tradución, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e tradución de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de tradución das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados no DCB, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a análise sintáctica e a tradución terán máis valor que á morfoloxía nas probas que se fagan durante o curso, nunha proporción de 70% (7 sobre 10 puntos) fronte ao 30% (3 sobre 10 puntos). En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfilar-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado.

En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global, que –como é lóxico nun proceso de avaliación continua nunha materia lingüística de contidos progresivos– virá marcada pola media obtida polo alumno nas probas do último trimestre, que abranguen os contidos lingüísticos do curso enteiro.

5.5.2.- Extraordinaria, e para o alumnado que perde o dereito á avaliación continua.

Aqueles alumnos que en xuño non acaden o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura na avaliación ordinaria (probos trimestrais e repesca de xuño, conforme ao programa de recuperación exposto no punto seguinte), serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística e aos contidos mínimos anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e tradución, e outros 4 p. a cuestións de teoría morfolóxica. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'5 puntos nela para supera-la materia. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua será, pola súa parte, convocado a unha proba única no mes de xuño que abranguerá a totalidade da materia do temario explicado durante o curso. A proba terá unha estrutura similar á das probas trimestrais, con un abanico de cuestións teóricas que terá un valor de catro puntos, e un exercicio práctico de tradución con valor de seis puntos. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'5 puntos nela para supera-la materia. En caso contrario, será remitido á proba extraordinaria de contidos mínimos de setembro.

5.5.3.- Sistemas de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, salvo imprevistos, dúas probas obxectivas escritas sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de tradución vistos até entón na aula. Todas estas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiranse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de tradución, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e tradución de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de tradución das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados no DCB, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a análise sintáctica e a tradución terán máis valor que á morfoloxía nas probas que se fagan durante o curso, nunha proporción de 70% (7 sobre 10 puntos) fronte ao 30% (3 sobre 10 puntos). En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e tradución, e outros 4 p. a cuestións morfolóxicas. Os contidos culturais serán, pois,

excluídos desta proba extraordinaria de Setembro, que se cingue exclusivamente a contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

5.5.4.- Programa de recuperación.

5.5.4.1.- Da propia materia durante o curso.

Polas razóns xa expostas derivadas do carácter progresivo dos contidos gramaticais, que implica un repaso constante e cotiá na aula dos contidos lingüísticos teóricos e prácticos correspondentes a trimestres anteriores, calquera alumno que obteña unha media de cinco puntos nas probas obxectivas do segundo trimestre - que marcan os contidos mínimos da materia - recuperará automaticamente o primeiro trimestre e terá garantizada unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación ordinaria, cuanlificación que poderá aumentar en función dos resultados obtidos nas probas do terceiro trimestre, nas que o alumnado que ten superados os contidos mínimos acude a subir nota.

No caso de que un alumno non supere o segundo trimestre, será convocado ao longo do terceiro trimestre a dúas probas de contidos mínimos baseados nos niveis mínimos de competencia lingüística fixados na programación. A cualificación definitiva dos alumnos que teñan o segundo trimestre pendente será calculada facendo unha media entre as dúas probas de contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

5.6.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.

Gramática Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

Vox Latina -método de exercicios. Valentí Fiol. Editorial Bosch.

5.7.- Temas transversais.

Obviamente, o tratamento dos contidos do programa implica constantes referencias transversais, especialmente con lingua galega e castelá, lingua inglesa e francesa e ciencias sociais. Con todo, non se ten trazado un plan de desenvolvemento sistemático de temas transversais, senon que éstos irán sendo tratados a modo de digresión a medida que vaian xurdindo ao fío do desenvolvemento do programa.

5.8.- Actividades complementarias e extraescolares.

A data de hoxe, o Departamento non ten previsto realizar actividades complementarias ou extraescolares.

5.9.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.

A data de hoxe, non hai propostas de deseño de medidas de atención á diversidade para ningún alumno da materia.

LINGUA LATINA II (2º Bacharelato)

6.1.- Obxectivos.

A materia de Latín no bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Os contidos propostos para Latín en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en varios bloques:

Estudo progresivo das características da lingua latina.

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Comprensión e interpretación de textos latinos.

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos latinos ha contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas.

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romanas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano.

Estes obxectivos xerais pódense resumir nos seguintes obxectivos concretos.

1. Iniciar na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

No marco destes obxectivos xerais, lóxicamente, neste curso de Lingua Latina II preténdese que os alumnos adquiren unha base suficiente para afrontar con garantías o programa que a CIUG marca para segundo curso. Neste sentido, débese precisar que as orientacións da CIUG para Latín II aconsellan un enfoque da asignatura que se corresponda co exame tipo das PAAU. Este Departamento optou, por tanto, por orienta-la preparación do alumnado cara ao exame tipo das PAAU, que concede preponderancia á tradución (6 p.) sobre os aspectos gramaticais (1 p.) e culturais (3 p.). En consecuencia, a labor e competencia en tradución de textos latinos ao castelán e/ou galego cobrarán posición preeminente na programación e avaliación da asignatura xa dende primeiro curso, nos termos que serán detallados máis adiante.

Este obxectivo xeral pódese desglosar nos seguintes obxectivos parciais de acordo coas distintas vertentes, lingüísticas e culturais, que conforman a esencia da materia.

- 6) Fonética: Coñecemento xeral do sistema fonético, pronunciación e acento latinos, así como dos mecanismos fonéticos máis productivos no paso do latín ás linguas romances, con especial fincapé no caso do castelán e o galego-portugués.

- 7) Morfoloxía: Coñecemento fondo da flexión nominal e verbal latinas.
- 8) Sintaxe: Dominio da sintaxe da oración simple activa e pasiva en latín e, en consecuencia, da sintaxe de casos. Adquisición de rudimentos de sintaxe da oración composta, con especial fincapé nas conxunxións de subordinación UT e CUM.
- 9) Léxico e etimoloxía: Adquisición dun vocabulario básico de máis ou menos 500 termos latinos de uso frecuente. Neste terreo cobran especial importancia as prácticas de etimoloxía dos correspondentes termos romances.
- 10) Sociedade e cultura: Introdución ós aspectos máis elementais da cultura e sociedade romanas (historia, sistemas políticos, relixión, manifestacións literarias...), indispensaveis para comprender adecuadamente no seu contexto a realidade subxacente á lingua.

Estes obxectivos parciais concíbense subordinados, como quedó dito, á **adquisición dunha técnica e competencia de traducción** acorde cos contidos lingüísticos e culturais que conforman o programa teórico da asignatura.

6.2.- Contidos. Secuenciación.

O DCB oficial da asignatura establece os seguintes contidos para segundo curso de Bacharelato:

Contidos comúns.

- Interpretación crítica de textos. A tradución como técnica. A exactitude na expresión lingüística.
- Valoración do estilo dun texto en función das peculiaridades do autor e das peculiaridades do texto e do contexto.
- A literatura latina e os xéneros literarios. Influencia da literatura latina na literatura posterior.
- As raíces romanas de Galicia.

A lingua latina.

- Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- Afondamento no estudo da sintaxe casual.
- A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; uso das partículas subordinantes máis frecuentes. Construcións de participio e de infinitivo.

Os textos latinos e a súa interpretación.

- Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos latinos achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico.
- Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais.

O léxico latino e a súa evolución.

- Aprendizaxe de vocabulario.
- Formación de palabras latinas. Composición e derivación. Componentes etimolóxicos no léxico das linguas romances.
- Vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudan no bacharelato.

- Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.
- Uso correcto do dicionario.

Roma e o seu legado.

- Transmisión da literatura clásica.
- Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores artísticas e literarias con especial referencia á cultura galega.
- A romanización da Gallaecia. Vestixios en xacementos arqueolóxicos e museos.

Estes contidos xerais do DCB foron restrinxidos pola CIUG no senso expresado nas seguintes circulares adxuntas:

Primeira Circular:

NOVAS ORIENTACIÓNS PARA A PROBA DE LATÍN NA SELECTIVIDADE

Despois de varios anos mantendo un determinado modelo de exame, introdúcense algúns cambios que adiantamos para coñecemento dos profesores de bacharelato co fin de que, dentro da liberdade que cada un ten no marco fixado polo DCB, poida orientar a súa docencia, se quixer, na liña na que se desenvolverá a proba de selectividade.

1. Programa de textos latinos

- a. Prosa: o profesorado poderá traballar cos textos que prefira e lle parezan máis axeitados para a preparación do seu alumnado. Independentemente dos textos que cada un/unha queira utilizar na clase, para o exame das PAAU tan só se recorrerá no presente curso a Eutropio, para non alterar agora a posible programación xa feita polos profesores.
- b. Poesía: o mesmo cómpre dicir no caso da poesía, limitándose no exame das PAAU a Fedro, tal como se viña facendo.

2. Cuestión de gramática: sobre o texto elixido polo alumnado no exame farase unha pregunta de carácter gramatical.

3. Programa de literatura: o profesorado seguirá o seu propio programa para a docencia dos seus alumnos/as, pero no exame das PAAU limitarémonos a dous xéneros literarios en prosa e dous en verso, co estudo dun autor dos máis representativos en cada caso, quedando fixado para o presente curso do seguinte xeito:

- a. **Historiografía: Livio**
- b. **Oratoria: Cicerón**

c. **Épica: Virxilio**

d. **Lírica: Horacio**

4. Cuestións complementarias de formación clásica:

a. **Manexo das principais expresións latinas de uso corrente na lingua actual:** reducirase a unha selección que será remitida oportunamente dende o Grupo de Traballo a cada centro nun número non superior a 200.

b. **Especial atención ós temas de toponimia:** en relación coa formación do alumnado no mundo e cultura clásica, prestarase especial atención á toponimia galega ou castelá de orixe latina, sobre a que se fará algunha pregunta no exame das PAAU. Oportunamente será remitido un listado de aproximadamente 100 topónimos.

c. **Formación de palabras por composición e derivación de acordo co DCB.**

d. **Mitoloxía clásica:** poderase formular algunha cuestión de carácter básico no ámbito da mitoloxía clásica.

e. **Pegadas da romanización en Gallaecia.**

TIPO OU MODELO DE EXAME

1. Haberá un único exame con dous textos opcionais, un en prosa e outro en verso.

2. A tradución valorarase sobre 6 puntos. A cuestión gramatical sobre 1 punto. A cuestión de literatura sobre 1,5 puntos. No apartado de complementos culturais ofertaranse oito preguntas ó alumnado para que responda a dúas, que serán valoradas sobre 1,5 puntos.

O coordinador do Grupo de Traballo

José Eduardo López Pereira

Segunda Circular:

Estimados colegas profesores de latín en bacharelato:

Trala experiencia do curso pasado e como resultado das reunións mantidas con todos os profesores de latín que asistiron aos encontros fixados nas distintas sedes, o grupo de traballo acordou para o curso 2015-2016 fixar o seguinte programa para as probas de selectividade:

1. **TEXTOS:** Manter os mesmos autores, Eutropio e Fedro, para o próximo curso e o mesmo sistema en canto a extensión, dificultade e pregunta gramatical.

2. **LITERATURA:** Incluír un tema máis no programa de literatura para que poida entrar o teatro latino e que quedará fixado co seguinte título: *O teatro latino: Plauto*

3. MUNDO CLÁSICO:

A) Eliminar a cuestión sobre o mundo clásico que se viña plantexando sobre arqueoloxía, historia... e substituíla por unha lectura como se determina a continuación.

B) O número de aforismos ou frases latinas será de 150, calculados 50 por trimestre, entre os máis habituais nos libros de bacharelato.

C) O número de topónimos será de 75, calculados 25 por trimestre, incluíndo tan só topónimos de orixe latina de entre a toponimia hispana

D) Como lecturas propóñense textos que se correspondan cos temas de literatura a estudar:

a) **Épica:** Ovidio, **Apolo e Dafne** (Ovidio, *Metamorfosis*, I, 452-567)
Píramo e Tisbe (Ovidio, *Metamorfosis*, IV, 55-166)
Orfeo e Eurídice (Ovidio, *Metamorfosis*, X, 1-71)

b) **Lírica:** Catulo, **Poemas de Catulo e Lesbia** (Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11) A orde reflicte unha secuencia nos sentimentos de Catulo

c) **Historiografía:** Livio **A traxedia de Lucrecia** (Tito Livio, *Historia de Roma desde su fundación*, I, 56,4-60)

d) **Oratoria:** Tácito, **Discursos de Calgaco e Agrícola** (Tácito, *Agrícola*, 30-32 e 33-34); Contexto, discursos e batalla: capítulos 29-38.

Texto bilingüe

<http://antalya.uab.es/pcano/aulatin/methodos/cano2tablas.PDF>

Estudo retórico do discurso de Agrícola

<http://antalya.uab.es/pcano/aulatin/methodos/cano3agricola.PDF>

e) **Teatro:** Dúas posibilidades:

1. Película *Golfus de Roma*, para abordar o estudo da comedia plautina a través da película, sobre a que existe abundante información na rede con cuestionarios para os alumnos, artigos, etc cf.

<http://cineymundoclasico.blogspot.com>

Guía didáctica de Golfus de Roma. Por Fernando Lillo Redonet.

Plauto y Golfus de Roma. Información sobre as relacións da película con Plauto e, ademais, algúns exercicios. Escrito por Pedro Luis Cano.

2. Recoméndase realizar un diálogo activo cos textos de forma que o lector responda diante do lido coa súa opinión persoal ou coa recreación literaria ou artística do seus contidos. A clase de lectura de textos debería ser dinámica con intercambio de experiencias mediante a lectura dramatizada e eventuais debates

O listado de topónimos e de aforismos colgarase na rede oportunamente

Un cordial saúdo

J. Eduardo López Pereira

Ante estas instruccións da CIUG, fíxose unha selección de contidos acorde cos criterios fixados para as PAAU, que marcan un modelo único de exame baseado nunha traducción (6 p.), un comentario morfosintáctico (1 p.), unha cuestión de literatura (1,5 p.) atinxente a cinco xéneros literarios de tratamento obrigatorio (historiografía, lírica, comedia, épica e oratoria) e dúas cuestións teóricas breves (2 x 0'75 p.) a escoller entre varias, que poden estar dedicadas a toponimia, expresións latinas, etimoloxía ou breves lecturas obrigatorias relacionadas co temario de literatura. Ante a imposibilidade de tratar a totalidade dos subapartados culturais, optouse por deixar fóra do programa o tratamento das lecturas. En canto ao autor a traducir, e de acordo coa pauta marcada en cursos anteriores, optarase pola opción de prosa, concretada no historiador Eutropio.

A continuación ofrécese un listado detallado do temario gramatical e cultural que constituirá a base do curso, ben entendido que o enfoque dos contidos lingüísticos da asignatura (70% do temario) é fundamentalmente práctico, de ahí que os temas de interpretación de textos latinos e uso do dicionario se repitan ao longo de todo o curso. Obviamente, a previsión temporal de desenvolvemento do mesmo é orientativa e estará parcialmente condicionada, amén de imprevistos, pola capacidade do alumnado para segui-lo ritmo de traballo marcado.

Secuenciación.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- 1.- Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
- 2.- Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- 3.- Afondamento no estudio da sintaxe dos casos. A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; conxuncións.
- 4.- Construcións de participio e de infinitivo.
- 5.- Construcións de xerundio, xerundivo e supino.
- 6.- A voz perifrástica.
- 7.- Os textos latinos e a súa interpretación (I): Afondamento nas técnicas e na práctica da traducción e do comentario de textos.
- 8.- Uso do dicionario latino (I).
- 9.- A historiografía romana: Panorama xeral. Tito Livio e a súa *Ab Urbe Condita*. Lectura obrigatoria: Livio: A traxedia de Lucrecia (Tito Livio, *Historia de Roma desde su fundación*, I, 56,4-60).

SEGUNDO TRIMESTRE.

10.- Os textos latinos e a súa interpretación (II): Afondamento nas técnicas e na práctica da tradución e do comentario de textos.

11.- Uso do dicionario latino (II).

12.- Épica romana: Panorámica xeral. Virxilio e A Eneida. Lecturas obrigatorias: Ovidio, Apolo e Dafne (Ovidio, *Metamorfosis*, I, 452-567); Píramo e Tisbe (Ovidio, *Metamorfosis*, IV, 55-166); Orfeo e Eurídice (Ovidio, *Metamorfosis*, X, 1-71)

13.- A lírica romana: Panorámica xeral. Horacio. Lecturas obrigatorias: Catulo: Poemas de Catulo e Lesbia (Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11).

14.- Toponimia galega de orixe latina.

TERCEIRO TRIMESTRE.

15.- Os textos latinos e a súa interpretación (III): Afondamento nas técnicas e na práctica da tradución e do comentario de textos.

16.- Uso do dicionario latino (III).

17.- Expresións latinas de uso contemporáneo.

18.- A oratoria en Roma: Panorama xeral. Cicerón. Lecturas obrigatorias: Tácito, Discursos de Calgaco e Agrícola (Tácito, *Agrícola*, 30-32 e 33-34); Contexto, discursos e batalla: capítulos 29-38.

19.- O teatro romano: Plauto. Lectura obrigatoria: *Anfitrión*.

6.3.- Criterios de avaliación.

A título xeral, o DCB oficial da materia enumera os seguintes posíbeis criterios de avaliación:

1. Ser capaz de comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios. Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurárase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

2. Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance

neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

3. Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico. Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais. Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

5. Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

6. Ler obras da literatura latina traducidas. Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

Dentro destes, ante a imposibilidade material de preparar a fondo aos alumnos para afrontar todos eles, e a necesidade de prestar atención especial á preparación do formato de exame marcada pola CIUG para as PAAU, a selección de contidos do DCB xa detallada e, en consecuencia, as probas escritas que constituirán o criterio básico de cualificación, estarán centradas nos seguintes criterios básicos:

* Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta e comenta-las súas discrepancias e coincidencias con outras linguas coñecidas.

* Traducir de modo coherente textos latinos de certa complexidade, en concreto do xénero historiográfico, fundamentalmente **Eutropio**, autor no que se basea a opción de prosa das PAAU para a que se preparará exclusivamente ao alumnado.

- * Compara-lo léxico latino co das outras linguas que coñeza o alumno e deduci-las regras básicas de derivación e composición.
- * Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñece-las súas estruturas básicas diferenciadoras.
- * Coñecer a panorámica xeral dos principais xéneros literarios romanos e unha comprida información sobre os seus meirandes representantes.
- * Coñecer un bo número de expresións latinas de uso contemporáneo.

6.3.1.- Mínimos esixíbeis.

De acordo coas orientacións da CIUG para a opción de prosa das PAAU, que é a elixida por este Departamento para orientar hacia ela ao seu alumnado, o eixo fundamental da asignatura (70 % nas PAAU) ven constituído polo temario gramatical e lingüístico, concretado nunha traducción do historiador romano Eutropio (6 p.) e un comentario morfosintáctico dunha parte do texto traducido (1 p.). Ademais, un breve temario de literatura (temas 9, 12, 13, 18 e 19 do temario xa detallado) ten un valor dun 15% sobre a totalidade da materia, mentras que o 15% restante é asignado a temas culturais de diversa índole -lecturas, expresións latinas, e etimoloxía, básicamente.

Nestas circunstancias, fíxase, como nivel mínimo para supera-la asignatura, e de acordo co criterio seguido nas PAAU, a condición de que o alumno debe posuir a final de curso unha competencia global de alomenos 5 puntos sobre 10 na suma dos distintos apartados constituíntes dunha proba idéntica á proposta pola CIUG para a opción de prosa nas PAAU. Para detalles, véxase o texto enriba adxunto das correspondentes circulares da CIUG.

Nestas circunstancias, e de acordo coas orientacións da CIUG, o eixo fundamental da asignatura (70 % nas PAAU) ven constituído polo temario gramatical e lingüístico, correspondente ao primeiro trimestre da programación. O carácter progresivo deste tipo de contidos fai imposible, como é lóxico en calquera lingua, fixar contidos mínimos compartimentalizados para cada tema. Por elo, a competencia global do alumnado neste tipo de contidos no último trimestre do curso suporá tamén un 70 % da calificación final. Para avaliar dita competencia, na corrección das probas prestarase especial atención a certos aspectos da materia que, considerados contidos mínimos a nivel cualitativo, serán enumerados a continuación:

- * Dominio das declinacións do sustantivo, adxetivo e pronomes latinos.
- * Dominio da conxugación activa e pasiva latina, incluídos verbos irregulares.
- * Dominio da sintaxe básica da oración simple activa e pasiva en castelán, galego e latín (asignación de funcións sintácticas e concordancia suxeito-verbo).
- * Dominio da morfoloxía e sintaxe do participio latino.
- * Dominio da morfoloxía e sintaxe da oración de relativo latina.

* Dominio das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

Polo que ás probas escritas se refire, a competencia do alumnado sobre estes tres contidos mínimos da materia avaliarase tendo en conta os seguintes aspectos:

* Identificación correcta das concordancias sustantivo-adxetivo presentes nos exercicios de tradución que formen parte das probas escritas nas que se fundamenta a cualificación da materia, según se expón a continuación.

* Correcta análise morfolóxica dos sustantivos, adxetivos e pronomes presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas (correcta identificación da declinación en función do enunciado da palabra, e correcta identificación do caso no que esta aparece en función do paradigma da declinación á que pertence).

* Correcta asignación de funcións sintácticas aos sustantivos, adxetivos e pronomes presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas, elaborada en función das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

* Correcta identificación da concordancia, en persoa e número, entre suxeito e verbo, pilar da estrutura da oración simple.

* Correcta identificación do antecedente dos relativos presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas.

* Correcta acotación das distintas oracións principais e subordinadas presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas, sen mesturar os elementos das mesmas.

* Adecuada distinción entre a sintaxe da oración activa e da pasiva.

* Correcta identificación e tradución dos xiros de participio presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas.

* Elaboración dunha tradución ao galego ou castelán acorde cos datos da análise morfosintáctica previa das frases latinas propostas. Neste senso, cómpre deixar claro que as lagoas na análise e as diverxencias entre análise e tradución serán penalizadas, pois son indudablemente indicio de que os acertos nesta última son produto do mero azar ou da trampa (a un alumno pódennlle soplar facilmente a tradución dunha frase determinada, mais é cuase imposíbel que lle soplen a análise da mesma).

Polo que respecta ao temario cultural, correspondente ao 30% da materia, serán considerados contidos mínimos os seguintes:

Temario de literatura (15%): Guións escritos de cada un dos temas incluídos na programación oficial das PAAU, proporcionados ao alumnado polo profesor da materia.

Temario cultural (15%):

* Aforismos: Listado explicativo, con exemplos, da orixe e significado dos distintos aforismos incluídos na programación oficial das PAAU, proporcionados ao alumnado polo profesor da materia.

* Topónimos: Listado explicativo da etimoloxía e significado dos distintos topónimos incluídos na programación oficial das PAAU, proporcionados ao alumnado polo profesor da materia.

* Prefixos: Capítulo correspondente ao valor dos prefixos e preposicións da Gramática Latina de Valentí Fiol, completado con explicacións puntuais do profesor.

6.3.2.- Criterios de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, por regra xeral, dúas probas obxectivas escritas, todas elas puntuadas de 0 a 10. Ditas probas axustaranse escrupulosamente ao modelo PAAU descrito no apartado anterior: tradución do historiador romano Eutropio (6 p.), comentario morfosintáctico dunha parte do texto traducido (1 p.), cuestión de literatura (1,5 p.) e dúas cuestións (2 x 0'75 p.) sobre os distintos aspectos culturais que se vaian tratando na clase, en concreto toponimia, expresións latinas e etimoloxía. Para obterlo aprobado, o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos sobre 10 na media das probas trimestrais. Dado o carácter progresivo da materia, e a non infrecuente tendencia de algúns alumnos, abrumados pola carga de traballo de outras materias, a abandonar a materia a mediados de curso, co consiguiente deterioro da competencia lingüística acadada na primeira parte do curso, a cualificación final basearase fundamentalmente (nun 90%) na media das dúas últimas probas do curso (abril e maio), que marcan o nivel de competencia do alumno para afrontar as inminentes PAAU. Especial relevancia (60% da cualificación final) terá o exame final de maio, que, amén de ser pedra de toque do nivel de competencia lingüística do alumno a final de curso, abrangue a totalidade do temario de cultura e literatura, do que o alumno tense examinado por parciais anteriormente. A cualificación do primeiro trimestre non será tida en conta á hora de determinar a cualificación final do alumnado, e a do 2º trimestre só terá un peso do 10%. Tódalas probas terán, coma nas PAAU, unha duración estricta de 90 minutos.

Por razóns obvias derivadas do carácter progresivo dos contidos gramaticais, eixo fundamental da asignatura, calquer alumno que acade unha media de 5 nas probas obxectivas do segundo trimestre recuperará automaticamente o primeiro, e así sucesivamente. En calquera caso, a final de curso fixarase unha proba xeral de recuperación baseada nos mínimos esixíbeis fixados anteriormente.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase tamén ao modelo PAAU anteriormente descrito.

6.3.3.- Criterios de promoción.

De acordo co PCC, obterá o título de BAC o alumno que teña aprobadas tódalas materias de ambos cursos de BAC.

6.4.- Metodoloxía didáctica.

O fío conductor do curso virá marcado, nas primeiras semanas, por unha sucesión de exposicións teóricas do temario morfolóxico-sintáctico anteriormente detallado (temas 1-6). Cada unha delas virá completada, de acordo co enfoque xeral da asignatura, con abundantes exercicios prácticos de análise morfosintáctica e traducción. Superada esa primeira etapa, as explicacións cotidianas basearanse na lectura, traducción e comentario de textos do historiador latino Eutropio, autor elixido para a opción de prosa das PAAU.

Polo que atinxe á área teórica do programa e das PAAU, os contidos relativos a léxico e etimoloxía non serán obxecto de exposicións monográficas, senón de comentarios cotidianos ó fío dos textos traducidos en clase, sobre os que se farán prácticas de formación de familias léxicas. Os contidos relativos a expresións latinas, toponimia e literatura sí serán obxecto de exposicións monográficas que se irán intercalando entre as prácticas de traducción cotidianas. Outros moitos aspectos secundarios de cultura e civilización serán comentados tamén ó fío dos textos, segundo o tradicional procedemento do comentario de *realia*.

6.5.- Procedementos de avaliación.

6.5.1.- Instrumentos de de avaliación do alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua.

O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua por exceder-lo límite de faltas de asistencia será convocado a unha única proba escrita, no mes de maio, que coincidirá coa última proba escrita do alumnado habitual. Esta proba axustarase ao modelo PAAU anteriormente descrito, coa particularidade de que as cuestións teóricas abranguerán a totalidade do programa teórico da asignatura. A cualificación da mesma será o único criterio tido en conta para cualificar na avaliación ordinaria ao alumnado que teña perdido o dereito a avaliación continua.

6.5.2.- Alumnado con materias pendentes.

No presente curso hai un alumno que pasou a 2º BACH coa materia de Latín I pendente. Dito alumno será atendido unha vez á semana nun recreo polo Xefe de Seminario, quen lle irá marcando tarefas para ir preparando o temario morfosintáctico da materia de Latín I o lle irá revisando o traballo feito.

Estes alumnos serán examinados, nun primeiro parcial no mes de xaneiro, da materia correspondente ao primeiro trimestre da programación de Latín I vixente para o presente curso. Despois, en abril, serán examinados, nun segundo parcial, da materia correspondente ao segundo trimestre da programación de Latín I vixente para o presente curso. A materia do terceiro trimestre non está incluída nos contidos mínimos da materia, polo que o alumno quedará eximido de preparala. De non conseguir aprobar por parciais, os alumnos serán convocados en maio a unha proba global de contidos mínimos na que se decidirá se superan ou non a materia. O modelo e estrutura destas probas, os criterios de cualificación aplicados nas mesmas e os mínimos esixibéis da materia serán idénticos aos fixados para a materia de Latín I no curso 2012/2015, que xa quedaron detallados máis arriba.

6.6.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.

Gramática Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

Vox Latina -método de exercicios. **Valentí Fiol. Editorial Bosch.**

Sintaxis Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

Diccionario Latín-Español Vox / Spes.

6.7.- Temas transversais.

Obviamente, o tratamento dos contidos do programa implica constantes referencias transversais, especialmente con lingua galega e castelá, lingua inglesa e francesa e ciencias sociais. Con todo, non se ten trazado un plan de desenvolvemento sistemático de temas transversais, senon que éstos irán sendo tratados a modo de digresión a medida que vaian xurdindo ao fío do desenvolvemento do programa.

6.8.- Actividades complementarias e extraescolares.

A data de hoxe, o Departamento non ten previsto realizar actividades complementarias ou extraescolares.

6.9.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.

A data de hoxe, non hai propostas de deseño de medidas de atención á diversidade para ningún alumno da materia.

Noia, 30 de outubro de 2016

Asdo.: Prof. Dr. Néstor Alonso Rilo
Xefe de Departamento